

Figuras importantes de Betanzos no panorama cultural da primeira metade do século XX: Homenaxe a Salvador Mosteiro Pena

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario

Homenaxe a Salvador Mosteiro, traballador infatigábel pola causa de Galicia.

Abstract

A tribute to Salvador Mosteiro Pena, a tireless worker for the Galician cause.

A imaxe de Galicia no primeiro terzo do século XX é a dun lugar atrasado onde a única perspectiva de progreso económico e social resulta ser a emigración. Mais tamén é certo que entre os anos 1900 e 1936 se produce unha tendencia para a modernización das estruturas socioeconómicas do país. E tamén nestes anos a cultura galega experimenta un desenvolvemento e esplendor extraordinarios que poden levarnos a considerar este período como unha segunda idade de ouro despois da primeira localizada na idade media.

A organización do movemento agrario, o conflito máis importante da época, vai provocar unha relativa transformación da agricultura, coa finalización do sistema foral que ademais trouxo consigo a desaparición da clase fidalga como clase dominante e a conversión dos campesiños en propietarios.

O galeguismo, movemento iniciado na segunda metade do século XX coa intención de conseguir o poder de decisión para Galicia, tivo como finalidade prioritaria a promoción da lingua galega e da cultura. Foi así primeiro cos provincialistas e máis tarde cos rexionalistas. Coa creación na Coruña o 18 de maio de 1916 da primeira das Irmandades da Fala iníciase a fase nacionalista. Créanse irmandades en todas as cidades e vilas importantes de Galicia, entre elas Betanzos, e a lingua galega e a cultura reciben un impulso fundamental.

Entre o 17 e o 18 de novembro de 1918 tivo lugar en Lugo a I Asemblea Nacionalista Galega, dela saíu a redacción dun manifesto que contiña as bases programáticas do nacionalismo galego.

Na IV «Asemblea», celebrada en 1922 en Monforte de Lemos, produciuse unha escisión entre moitos integrantes da Irmandade da Coruña que seguirían utilizando o nome de Irmandades da Fala e rexentando *A Nosa Terra*, e o resto das agrupacións lideradas por Vicente Risco coa denominación de Irmandade Nacionalista Galega (ING) cunha liña cultural.

Tras o golpe de Estado de Primo de Rivera en setembro de 1923, o nacionalismo galego centrouse case exclusivamente na actividade cultural.

Entre as institucións culturais máis importantes está o Seminario de Estudos Galegos, creado o 12 de outubro de 1923 para elevar ao nivel científico e universitario a investigación

* Concepción Delgado Corral, betanceira, é doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrática de Lingua e Literatura do instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

en galego. O Seminario ademais preocupouse por divulgar os seus estudos a través de conferencias, publicacións e cursos.

A institución máis representativa de Galicia, a Real Academia Galega, preséntase en setembro de 1906. Promovida desde a Habana por Fontenla Leal e Curros Enríquez tivo como primeiro presidente ao rexionalista Manuel Murguía ata a súa morte en 1923.

En gran parte dos movementos, institucións e publicacións importantes destes anos participaron activamente personaxes nados en Betanzos ou no seu entorno. Algúns deles figuran entre os nomes importantes na historia de Galicia como Salvador Cabeza de León, Salvador Golpe, Xohán Vicente Viqueira.

Salvador Golpe, nado en San Pedro de Oza, o 27 de xullo de 1850 foi un importante galeguista na liña rexionalista ademais de un importante xornalista, ensaísta e poeta.

Na cidade da Coruña exerceu como avogado e xuíz municipal. Participou na fundación da Asociación Rexionalista Gallega e na da Liga Rexionalista, da que foi presidente e fundou o xornal *Unión Gallega*, do que foi director.

Desenvolveu unha importante actividade cultural participando como membro da tertulia coruñesa da Cova Céltica na librería de Carré xunto cos tamén rexionalistas Manuel Murguía, Eduardo Pondal e Lugrís Freire. Con todos eles foi fundador, membro numerario e secretario da Real Academia Galega. Foi tamén membro e secretario da *Sociedad para el Folk-lore Gallego*, presidida por dona Emilia Pardo Bazán.

Na súa obra escrita en prosa destaca o xénero ensaístico utilizado para defender e divulgar as ideas rexionalistas. *Regionalismo y Lenguaje*¹ foi o discurso pronunciado nos Xogos Florais de Betanzos de 1901. É autor do *Refraneiro agrícola-meteorolóxico*, publicado baixo o pseudónimo de «Pedro de Merille», primeiro en folletín no semanario *La Defensa* de Betanzos ao longo do ano 1906, e posteriormente en edición aparte.²

Bo poeta, é autor de poemas que se publicaron soltos en revistas e xornais. A temática principal é a paisaxe galega e a saudade da terra.

Salvador Cabeza de León natural de Betanzos, onde naceu en 1864, licenciouse en Dereito en Santiago de Compostela en 1884 e obtivo a cátedra de Dereito Internacional en 1903. Ademais de decano da súa facultade, foi alcalde da cidade de Santiago de Compostela. Destacado galeguista, sucedeu a Armando Cotarelo Valledor na presidencia do Seminario de Estudos Galegos de 1925 a 1934. Participou na comisión que redactou o estatuto de autonomía no ano 1932 xunto con Lugrís Freire e Alexandre Bóveda. Figura tamén entre os primeiros 40 membros de número da Real Academia Galega. Don Salvador é unha figura importante no campo da oratoria e da composición poética, dominando a forma do soneto.



*José Pascual López Cortón, promotor dos primeiros Xogos Florais de Galicia.
Foto: Alfredo Erias.*



Celestino Luís Crespo, autor do primeiro libro de poesía en galego publicado na posguerra.

A importancia da quinta de San Victorio, no lugar de San Fiz de Vixoi, a tres kilómetros de Betanzos, remóntase ao século XIX cando José Pascual López Cortón reconstrúe o antigo pazo e fixa aquí a residencia coa súa dona Julia Viqueira Flores-Calderón. O emigrante cedeirés fixo unha considerable fortuna dedicándose ao comercio.³ Amante e cultivador da literatura destaca sobre todo polo labor de mecenas. Foi o promotor dos primeiros Xogos Florais de Galicia, celebrados na Coruña en xullo de 1861, e dos que saíra o *Álbum de la Caridad* con varias composicións escritas en lingua galega.

Na quinta de San Victorio nacerían as súas fillas María Luísa e Carmen, e o fillo José López-Cortón Viqueira, todos educados na «Institución Libre de Enseñanza», en Madrid. López Cortón morre o 15 de xaneiro de 1878, cando a súa filla maior, Carmen, tiña once anos, e tivo que encargarse da educación dos fillos a súa esposa coa axuda do seu irmán Vicente, quen acabaría casando coa súa sobriña Luísa.

Carmen coñecerá alí ao discípulo de Francisco Giner de los Ríos, Manuel Bartolomé Cossío seu parente polos Flores y Calderón, co que casará, residindo na casa da Institución e colaborando en todas as actividades programadas xunto coa súa irmá Luísa. San Victorio era o lugar de descanso onde pasaban temporadas e recibían a figuras tan importantes como Giner de los Ríos. Era tamén o lugar a onde chegaban cartas de todas as partes do mundo e de personaxes ilustres da ciencia e das letras e sobre todo foi o espazo onde algúns dos protagonistas máis importantes da cultura do século XX entraron en relación coa cultura galega, coa paisaxe da zona de Betanzos e coa propia cidade. Foi o auténtico cenáculo da comarca das Mariñas de Betanzos.

O neto de José Pascual López-Cortón, fillo de María Luísa, Xohán Vicente Viqueira López, sería un dos grandes humanistas do século XX, cunha formación filosófica, ética, psicolóxica e lingüística enciclopédica. Naceu en Madrid o 22 de outubro de 1886 pero con poucos meses de vida chegou con seus pais á quinta de San Fiz de Vixoi, herdanza da familia no concello de Bergondo, onde residiría durante os primeiros 12 anos. Comeza os seus estudos en Betanzos. Por indicación do amigo da familia, Giner de los Ríos e por ser

sobriño de don Bartolomé Cossío –sucesor do fundador da Institución-, marcha a Madrid para continuar estudando na «Institución Libre de Enseñanza», aquí dará clases rematados os seus estudos e sendo xa doutor en Filosofía pola Universidade de Madrid. Por motivos da súa osteomielite viaxa a París onde asiste a clases maxistras de Bergson e Durkheim. Acabada a carreira de Filosofía en Madrid trasládase como bolseiro a Alemaña para ampliar estudos nas universidades de Leipzig e Berlín⁴. No laboratorio de Psicoloxía da Universidade de Gotinga traballa cos profesores Katz, Jaensch e Müller. En 1917 gaña a cátedra de Psicoloxía, Lóxica e Ética do Instituto General Técnico de Santiago de Compostela e casa coa profesora de ascendencia portuguesa Jacinta Landa Vaz-Coronado. Un ano despois trasládase ao Instituto da Coruña.

Foi membro e presidente das Irmandades da Fala⁵ e publica numerosos artigos en *A Nosa Terra*. En Galicia e logo da viaxe a Portugal coa súa muller, entra en contacto coa cultura e a literatura de Portugal manifestando interese pola obra dos portugueses Leonardo Coimbra, Teixeira de Pascoães e Lopes Vieira. Extraordinario ensaísta, orador e poeta. Publicou traballos de pedagogía en alemán, castelán e galego⁶. Como defensor da lingua galega propón a galeguización no ensino dentro dunha «nova educación galega». Morre en Bergondo o 29 de agosto de 1924.

Estes tres nomes e algúns máis como Francisco Vales Villamarín e Celestino Luís Crespo teñen un importante lugar na historia de Galicia e son ben coñecidos polos estudos diversos sobre eles aos que non aportamos agora nada novo. Pola contra, de Betanzos e da mesma época hai figuras importantes pouco ou nada coñecidas e este traballo quere render unha homenaxe a un traballador infatigábel pola causa de Galicia que sorprende pola discreción e modestia, Salvador Mosteiro Pena.

Fillo de Antonio Mosteiro e Rita Pena naceu en Betanzos o 24 de febreiro de 1896. Fixo a carreira de medicina e odontoloxía en Santiago e Madrid, exercendo esta profesión en Lugo e máis tarde na Coruña. Realizou unha importante actividade galeguista e como membro da Irmandade de Betanzos participou na asemblea das Irmandades da Fala os días 17 e 18 de novembro de 1918, asinando o Manifesto Nacionalista de Lugo. Sobre os anos vinte fundou en Madrid, con Fermín Penzol, a organización nacionalista Mocidade Céltiga integrada por estudantes universitarios entre os que se encontraban os irmáns López Cortón, Álvaro Gil, Emilio González López e outros. Fundou e dirixiu en Betanzos a revista *Rexurdimento* que xunto con *Céltiga* en Ferrol e *Alborada* en Pontevedra aparecen no ano 1922 como importantes publicacións galeguistas. Dirixiu tamén *A Nosa Terra* e a Irmandade da Coruña dato que figura no número 271 da citada publicación onde se dá a coñecer o



Salvador Golpe, membro da tertulia da «Cova Céltica».

consello directivo da Irmandade formado por Salvador Mosteiro como conselleiro primeiro e encargado principal da irmandade e da publicación.⁷

A Nosa Terra saúda a aparición de *Rexurdimento* como unha iniciativa da «Irmandade da Fala» de Betanzos, recoñecida tamén polo feito de ter traballado moito por implantar o teatro galego na cidade.⁸

A revista *Nós* recolle tamén o nacemento da publicación betanceira o 25 de agosto de 1922 facendo unha descrición da mesma e unha enumeración dos autores que nela publican. En canto aos promotores non dá ningún nome e tampouco o do director:

«Os mozos de Betanzos –porque é iste un emprendimento de mocidade- enñan ben. Iste xurdio esforzo dos betanceiros é ben merecente de gabanzas e non ha ser Nós a regatearllas, posto que iles as saben ganar de seu».

Só unha vez aparece o nome do director na revista betanceira, na carta – onde manifesta o profundo respecto e amor polas terras portuguesas- datada o 31 de xullo de 1922 enviada a Júlio de Lemos pola Delegazón da Irmandade Nazionalista de Madrid con motivo do artigo que este publicara no número extraordinario de *A Aurora do Lima* de Viana do Castelo, adicado ao Día de Galicia. Asinan a carta O Conselleiro, Mosteiro Pena, e o Segradario, Lois C. de Arroyo⁹. E indirectamente cando, no número seis, se dá conta da súa marcha a Madrid para rematar os estudos de Medicina e realizar tamén xestións para a mellora da revista, nun traballo titulado «O viaxe do noso director». Este pequeno traballo confirma a nosa idea de Mosteiro como persoa discreta e modesta:

O temor a incurrir na súa xenreira i o non ser nós os máis chamados a gabalo, dado-los vínculos que ó querido Mosteiro nos xuntan, obrígnanos a dar romate ó noso escrito.¹⁰

Estando en Madrid, Salvador Mosteiro recibe unha carta de Vicente Risco desde Ourense o 12 de outono de 1922, na que lle indica a necesidade da utilización da revista *Rexurdimento* como órgao da Irmandade Nazionalista Galega, ao perder el o control de *A Nosa Terra* que se editaba na Coruña. En xaneiro de 1923, suspendida a publicación nos dous últimos meses do ano 1922 polo traslado de Mosteiro, reaparece como órgao oficial da Irmandade Nazionalista Galega, liderada por Risco.

Nos seis primeiros números, a revista quincenal *Rexurdimento*, subtitulada «Órgao dos intereses mariñás», seguiu co traballo de personalidades importantes de finais do



Salvador Mosteiro Pena, traballador infatigábel pola causa de Galicia.

século XIX e dos primeiros anos do XX de estreitar os lazos entre Galicia e Portugal.¹¹ Así, no número 1 no traballo titulado «De Portugal», anúnciase a conmemoración por Portugal do centenario da independencia do Brasil, pobos considerados do noso sangue; fálase unha vez máis desta conmemoración no número 4, onde Brasil se define como unha prolongación de Portugal e este como unha prolongación de Galicia. No mesmo número, na sección de «Libros e revistas» celébrase a aparición do número da publicación portuguesa *Aurora de Lima* do 25 de xullo dedicado a Galicia e onde colaboran moitos escritores galegos; publícase a carta enviada pola Delegación da Irmandade Nazionalista en Madrid a Júlio de Lemos e a resposta do mesmo desde Viana do Castelo. Tamén se dá a coñecer a morte no Porto do pintor João Peralta.

A revista dá a coñecer textos poéticos portugueses. No número 2 publícase o soneto de Antonio de Cértima «Oração a Dionyso». Nos números 3, 5 e 6 tres poemas do mesmo autor, «Fala do sol» acompañado dun debuxo de Cebreiro do autor, Teixeira de Pascoaes, «Dos cantos indecisos» e «Nascimento».

A revista *Rexurdimento* expón as ideas reintegracionistas de Mosteiro, que eran tamén as de Xohán Vicente Viqueira en relación coa lingua. En «Ficamos ledos» do número 2, reproducése o seguinte fragmento de Viqueira publicado no ano 1917 en *A Nosa Terra*:

Os lectores do galego poden ser numerosos; é dicir que quen escribe en galego escribe cuasi para *meio mundo*. Debemos lembrarnos de que no Portugal e países de lingua portuguesa a nosa literatura ten ardentos partidarios. Derradeiramente en Coímbra no gran teatro da vila oín eu aplaudir con todo entusiasmo as poesías de Rosalía de Castro, recitadas con enxebre acento por unha grande artista portuguesa, Amelia Rey que os galegos debían conocer!

Con respecto á lingua di que primeiro é necesario afirmar a nosa linguaxe literaria imitando aos países que se encontraron na nosa situación como Grecia, Flandes ou Cataluña e segundo, admitir a ortografía do portugués:

Debemos estudar os clásicos galegos e os *cuasi nosos* clásicos portugueses así como a nosa literatura portuguesa, e non como algunhos fan transcribir a fala de aldeias xa corrompida e que corresponde ao castelán de López Silva. Segundo, para adaptar a nosa literatura aos lectores portugueses temos que admitir a súa ortografía, é dicir a hoxe válida en Portugal somente con aquelas modificacións (ben pequenas por certo!) que esixen as diferencias da lingua.

Os dous autores participaban dos mesmos propósitos das Irmandades e da Xeración Nós en favor da afirmación da singularidade do galego fronte ao castelán e da aproximación ao portugués que era a lingua de referencia.

Na segunda época, aínda que todos os membros da xeración Nós contribuíran ao achegamento cos intelectuais portugueses o que importa fundamentalmente é a propagación das ideas nacionalistas de Risco, en consecuencia as referencias a Portugal non existen e a publicación sométese enteiramente ás ordes do ourensán, así se declara no anuncio da «V Asambreia Nazionalista»:

No próximo número fálase con longura da V asambreia da Irmandade Nazionalista Galega que tivo lugar na Cruña no salón de actos do Consello Provincial de Fomento, as datas 18 e 19 do mes de marzal, e na que foi reelixido coma Conselleiro Supremo o honorabre irmao Vicente Risco, cuías ordes e inspiracións ha seguir atendendo fielmente *Rexurdimento*¹².

Salvador Mosteiro Pena caracterízase por ser un importante traballador de base que non gustaba de aparecer explicitamente nas publicacións que el mesmo dirixía ou nas que colaboraba de maneira calada. En cambio dáse a coñecer por motivos de traballo no anuncio da súa clínica publicado en *A Nosa Terra*: **Dr Mosteiro. Médico odontólogo. Medicina e Ciruxía da boca. Electricidade. Rayos X. A clínica dental máis completa de Galicia. Sánchez Bregua, 5-1º. A Cruña.**

Como autor e por absoluta necesidade o seu nome ten que figurar varias veces no período de tempo en que desempeña o cargo de director da Irmandade da Coruña e do seu voceiro *A Nosa Terra*, que corresponde aos anos 1930 e 1931. Así a reseña, asinada por S. Mosteiro, ao libro que sobre a tuberculose publicara o doutor e amigo Peña Novo por encargo do Dispensario Antituberculoso da Coruña. Autor e comentador tratan dun problema de saúde que provocaba moitas mortes na poboación galega e lámentase Mosteiro da pasividade dos galegos ao non protestar contra a carencia de medidas sanitarias. O problema, segundo el, agrávase coa chegada dos emigrantes que retornan con esta enfermidade. Pide ademais que se rematen canto antes os sanatorios da Lanzada e de Cesuras e, para isto, a colaboración económica de todos os galegos ricos e pobres.¹³

A súa discreción lévao a asinar coas letras iniciais do seu nome e apelido, S. M. o escrito titulado «Laboremus», publicado en *A Nosa Terra* o 25 de xullo de 1930. Defende aquí o uso do galego na liturxia e, partindo do aprobado por Inocencio III no Concilio Lateranense, fai unha chamada á igrexa e os bispos para que os cregos rurais utilicen para o templo o galego que tan ben falan cos seus fregueses nos actos normais da vida.

No texto lido o 15 de marzo de 1931 no cemiterio da Coruña nun acto para homenaxear aos galegos ilustres enterrados alí manifesta que ademais de utilizar ben a lingua podía ser un bo orador:

O trunfo próisimo das ideas generosas dos ilustres galegos que aquí repousan. É tamén o millor homaxe que lles podemos render. Continuar con entusiasmo o vieiro que eles nos deixaron trazado.

Ogallá no próisimo ano, ao voltar novamente a realizar este aito, podamos já vir aquí aureolados polo trunfo conquistado. Para que así seja, as Irmandades da Fala agardan de tódolos galegos unha situación enérgica e persistente que nos permita entón pousar nas campas destes inesquecentes patriotas, as froes do trunfo e o latexar ledicioso dos nosos corazóns.¹⁴



Salvador Cabeza de León, destacado galeguista e presidente do Seminario de Estudos Galegos.

Como portavoz e presidente da Irmandade da Coruña declara a adhesión desta ao réxime republicano nunha nota publicada o 1 de maio de 1931.¹⁵

Mosteiro é quen responde cunha carta¹⁶, publicada o 1 de maio de 1931, ao cablegrama que a Irmandade da Coruña recibiu o 15 de abril da Sociedade Nazionalista Pondal de Buenos Aires, por considerarse inxustamente criticados pola adhesión á causa republicana sen defender os dereitos nacionalistas.

No número seguinte *A Nosa Terra* publica o texto «Do momento» asinado como S. M. onde fai unha chamada aos galegos a aproveitar o momento co goberno da república para o recoñecemento de Galicia como pobo diferenciado. A comparación dos pobos coas táboas dun «tillado» é unha novidosa imaxe para marcar as diferenzas:



Quinta de San Victorio, cenáculo da comarca das Mariñas de Betanzos.

Decatados, pois, de que o mundo non é acordado como un tillado de parellas taboíñas, senón ás avesas, e tendo presentes os imperativos eternos, que decote mostráranse acesos, non desperdiciemos a hora crítica da que os nosos descendentes tormarnos haberán estreita conta.¹⁷

O 25 de xullo de 1931 na mesma páxina aparecen dous textos en defensa do galeguismo, «Encol do galeguismo» asinado por Salvador Cabeza de León, e «Por Galicia e pola humanidade» de Salvador Mosteiro. O texto de Mosteiro manifesta a esperanza no porvir de Galicia:

O ano 1931, já meado, somella iniciar un vieiro led e ridente para a Terra, e ao chegarmos a este día de Galicia, fagamos votos para que o noso optimismo medre ate ollar realidades vizosas, que acaden para ben noso e da Humanidade o afianzamento dunha persoalidade que debe á Natureza os máis envexosos dons que por allur ela poida espallar.¹⁸

Intervén nas homenaxes a persoas importantes do galeguismo, así temos información sobre a lectura de «unhas cuartelas» da súa autoría no acto realizado en Sada en honor de Lúgrís Freire quen estaba acompañado da súa dona e fillo.¹⁹ Ao final do acto os participantes dirixíronse ao cemiterio de Ouces onde depositaron unhas flores na campa de Xohán Vicente Viqueira.

Como conselleiro primeiro da Irmandade da Coruña participou activamente na organización da Diada ou festa da lingua asinando xuntamente con Ramón Otero Pedrayo, Antón Villar Ponte e Antón Iglesias Vilarelle a comunicación enviada a entidades e persoas interesadas co rogo de organizar nas cidades e vilas galegas actos de homenaxe á lingua galega.²⁰ A celebración do «Día de Galicia» do ano 1930 tivo, en palabras de Ramón Villar Ponte, «unha solemnidade e un espallamento como non tivo nunca dende que foi

estabrecido polas asambleiras nazionalistas»²¹. A este positivo resultado contribuiu, sen lugar a dúbida, o esforzo de Salvador Mosteiro Pena quen ademais foi un dos que dirixiu unhas palabras a máis de duascenas persoas no parque de María Pita. O acto da Coruña rematou coa saída para Betanzos, onde tería lugar un mitin na Casa do Pobo.²²

Do 7 de setembro de 1931 é o «saluda» que Francesc Macià, Presidente do Goberno da «Generalitat de Catalunya», dirixe a Mosteiro como presidente de *A Nosa Terra*.

Reunida a Irmandade da Coruña en xunta xeral o 4 de novembro de 1931 noméase novo consello directivo. O presidente será Víctor Casas e Salvador Mosteiro ocupará o cargo de secretario ou tesoureiro, cargos que o liberaban da participación activa como orador e autor de textos que el asumía por forza.

A partir de aquí e como ben afirma Carballo Calero poucos textos seus aparecen publicados a non ser o titulado «Idiomas españoles y el gallego» do 1 de abril de 1967 do *Blanco y Negro* onde expresa o seu asombro pola actitude de Alfonso de la Serna ignorando o idioma galego.

O nome de Salvador Mosteiro por todo o labor calado que fixo non pode ser esquecido pero ademais debe figurar entre os importantes por ser o autor do *Vocabulario Castellano-Gallego* das *Irmandades da Fala* impreso nos talleres de Moret na Coruña no ano 1933, o primeiro no seu xénero e que, como afirma Carballo Calero, enchía un oco na bibliografía galega²³ e axudaba aos escritores na procura das palabras axeitadas. Este vocabulario consta de máis de trescentas páxinas e preséntase como unha obra anónima. Gerhard Rohlfs no seu *Manual de Filología Hispánica* confirma que o autor foi Mosteiro. Só nunha carta familiar á que Carvallo tivo acceso manifesta ser el o autor ao mesmo tempo que informa do éxito que supuxo a súa publicación:

«Eu fun o que editou o Vocabulario Castellano-Gallego, que tanto se vendeu en toda a América Hispana e en Galiza».

Leandro Carré Alvarellos comezara a publicar en 1932 en folletón de *A Nosa Terra* o seu vocabulario castelán-galego, que quedara incompleto e que o autor incorporaría á segunda edición do seu *Diccionario galego-castelán* (La Coruña, imp. Zincke, 1933, pp. 507-589). Nese mesmo ano de 1933 as Irmandades publican o seu *Vocabulario castellano-gallego* afirmando que a súa empresa é a primeira que se realiza e considerándoa, polo seu reintegracionismo, útil para os escritores galegos e portugueses e para todos os amantes da filoloxía.



Xohán Vicente Viqueira, destacado humanista e galeguista, neto de José Pascual López Cortón.

O traballo de Mosteiro constituiu a tentativa máis seria ata o momento de recuperación e depuración da lingua, superior á de Carré, supoñía un paso importante no camiño do coñecemento e dignificación do galego, útil para os escritores e defendendo a corrente etimolóxica tendente á converxencia co portugués.

NOTAS

¹ Neste discurso fai unha defensa do pensamento rexionalista, e unha breve historia dos Xogos Floraris afirmando que naceran para promover o uso das linguas propias.

² En 1994 foi reeditado pola *Asociación cultural Eira Vella*.

³ José Pascual López-Cortón, nado en Cedeira, fixera en Puerto Rico unha considerable fortuna.

⁴ Cf. «Influencias de la Psicología internacional en la Psicología Pedagógica (1919) de Xoán V. Viqueira», de Antón Costa Rico, en *XIV Coloquio Nacional de Historia de la Educación (1907-2007)*.

⁵ Cf. Torres Regueiro, X., *Xoán Vicente Viqueira e o nacionalismo galego*. Edicións do Castro, Sada, 1987.

⁶ Cf. Costa Rico, A., *A reforma da educación (1907-1936)*. Xoán V. Viqueira e a historia da psico-pedagogía en Galicia. Edicións do Castro, Sada, 1996.

⁷ Como conselleiro segundo estaba Francisco Abelaira, o secretario Xavier Pardo, vicesecretario Federico R. Chas, contador Benito Rodríguez e tesoureiro Carlos Monasterio. Os vocais eran Alfredo Somoza, Manuel Lúgrís Freire, Antón Villar Ponte, Anxel Casal, Víctor Casas. Cfr. *A Nosa Terra*, 1 de maio de 1930, p. 12.

⁸ *A Nosa Terra*, ano VI, nº 168, 15 agosto 1922.

⁹ *Rexurdimento*, ano I, nº 6, 16 de Outono do 1922, Betanzos.

¹⁰ *Rexurdimento*, ano I, nº 6, 16 de Outono do 1922, Betanzos.

¹¹ En «A re-edición de *Rexurdimento*: unha contribución á historiografía galega», *Agália* 36, inverno 1993, Aracéli Herrero Figueroa fala das «referencias constantes ao mundo lusófono» que aparecen na publicación.

¹² Edición Facsímile, p. 75.

¹³ Cfr. «O problema tuberculoso en Galicia», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1 de xullo, de 1930, nº 273, pp. 7-8.

¹⁴ «Homenaxe aos mortos», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1 de abril, de 1931, pp. 5-6.

¹⁵ «Unha nota das Irmandades», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1 de maio, de 1931, p.3.

¹⁶ «Unha carta», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1 de maio, de 1931, p.5.

¹⁷ «Do momento», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1 de xuño, de 1931, pp. 4-5.

¹⁸ *A Nosa Terra*, A Coruña, 25 de xullo, de 1931, p.5.

¹⁹ «Homenaxe a Lúgrís Freire», *A Nosa Terra*, 25 de xullo de 1930, pp.18-19.

²⁰ *A Nosa Terra*, 1 de xullo de 1930, nº 273, pp. 9-10.

²¹ Cfr. «Verbas dun galego», *A Nosa Terra*, 1 de setembro de 1930, pp. 3-4.

²² Vid. Número cit. a. pp. 7-10.

²³ «Algunhas notas para a lembranza de Salvador Mosteiro», en *Grial* (Vigo), vol. 21 (1983), núm. 80 (abril-xuño 1983), pp. 220-224